



Ruta Monumental por Santiago de Compostela

A través desta ruta, propoñemos un percorrido polo patrimonio histórico monumental de Santiago de Compostela, que inclúe o paseo obrigado polo entorno catedralicio, a famosa Praza do Obradoiro e os principais monumentos e prazas.

A ruta, con toda a información, está tamén dispoñible en www.santiagoturismo.com.

Dificultade baixa.

Duración 2 h e 45 minutos.

Gal

Praza do Obradoiro (d2) ▼

Bautizada así polos obradoiros de canteiros que traballaron na catedral, concentra nos seus 7.700 metros cadrados os cinco principais edificios civís e relixiosos da cidade. Nos seus catro estilos artísticos distintos escríbense 800 anos de historia compostelá.


Como corazón urbano e quilómetro cero do Camiño de Santiago recibe aos peregrinos e sirve de escenario durante as festas do Apóstolo.



Fachada do Obradoiro (1)

Obra mestra do Barroco compostelán, s. XVII-XVIII.

Torres de 74 metros de altura e tríptico central coroado por Santiago peregrino. Tardou 80 anos en construírse. Á dereita, o **claustro**, un dos maiores de España. Renacentista. s. XVI. Visitable (*).



Catedral (1)

Aberta diariamente.

Conta unha antiga tradición que o apóstolo Santiago o Maior foi enterrado nun bosque do *finis terrae*. Tras o milagroso achado das súas reliquias no século IX levantouse un santuario, e a partir do año 1075 a monumental Catedral actual, que conserva a súa estrutura orixinal con engadidos góticos, renacentistas e barrocos. Destacan no seu interior:

/Pórtico da Gloria. Mestre Mateo. s. XII. Obra mestra do románico na que 200 figuras compoñen escenas centradas na Salvación. **/Altar Maior, Sepulcro e Camarín do Apóstolo.** Baldaquino barroco e altar de prata, s. XVII. Baixo o altar, cripta de orixe romano (s. I) e sepulcro do Apóstolo. **/Botafumeiro.** Maior incensario do mundo. Acada no seu voo os 68 km por hora. Sigue un calendario de celebracións. Consultar datas (*). **/Capelas.** Destacan pola súa antigüidade a capela do Salvador e a Corticela, que foi un oratorio independente no s. X. **/Museo.** Inclúe a visita da cripta, o Tesouro e as Reliquias, o claustro, salas de tapices, salas de arqueoloxía, sala capitular, biblioteca e arquivo. Consultar horarios (*). **/Tellados.** Interese histórico-artístico e unha das mellores vistas da cidade. Consultar horarios (*).



Pazo Arcebispal de Xelmírez (2)

Un dos mellores edificios civís do románico español, s. XII. Impresionante salón sinodal abovedado, cociña e cortes. Visitable (*).



Pazo de Raxoi (3)

Neoclásico, s. XVIII. Proxectado como seminario, hoxe é sede do Concello de Santiago e da Presidencia do goberno autonómico de Galicia. O seu tímpano mostra imaxes da Reconquista.



Pazo de San Xerome (4)

Renacentista. Portada gótica aproveitada dun antigo hospital de peregrinos. Foi colexio universitario para estudantes pobres e hoxe alberga o Reitorado da Universidade de Santiago.



Hostal dos Reis Católicos (5)

Hospital e refuxio de peregrinos fundado no s. XV e convertido no s. XX en Parador de cinco estrelas. Podería ser o aloxamento máis antigo de Europa. Portada plateresca, fermosos claustros renacentistas e barrocos. Visitable (*).



Igrexa de San Froitoso (6)

Barroca – churrigueresca, s. XVIII. Desde a praza do Obradoiro obsérvase a súa fachada decorada polas catro virtudes cardinais.

Prazas da Inmaculada e Acibechería (d2-e2) ▼

A Acibechería debe o seu nome aos antigos talleres dedicados á talla do acibeche e constitúe o punto de entrada dos camiños Francés, Inglés e do Norte.

Fachada da Acibechería (1)

Durante a Idade Media os viaxeiros entraban pola admirable *Porta do Paraíso* do norte. A fachada actual levantouse no século XVIII. Nas súas trazas conviven os estilos barroco e neoclásico.



Mosteiro de San Martiño Pinario (8)

Fundado no s. X. Edificio actual barroco. Con 20 mil metros cadrados é o segundo maior mosteiro de España.

Igrexa de San Martiño Pinario (8)

Renacentista – barroca, s. XVI. Fachada-retablo plateresca presidida por San Martiño. Escalinata barroca. No seu interior, precioso retablo maior barroco e cadeirado renacentista. Visitable xunto co **Museo Diocesano**. Consultar horarios (*).



Praza da Quintana (d2) ▼

Tras unha longa existencia na que se mesturaron o primeiro Consistorio, o mercado e o cemiterio público ata 1780, a Quintana é hoxe unha praza barroca dividida en dúas: arriba, Quintana de Vivos; abaixo, Quintana de Mortos. En total mide 80 metros de lonxitude por 50 de ancho.



Casa da Parra (9)

Vivenda barroca, s. XVII.



Torre do Reloxo (1)

Recibe o nome de *Berenguela*. Base fortificada do s. XIV e remate barroco do s. XVIII. Garda a maior campá da Catedral, que pesa 6.433 quilos.




Casa da Conga (11)

Vivendas barrocas dos cóengos da Catedral, s. XVIII.

Porta Santa (1)

Só se abre nos Anos Santos.

Mostra a Santiago peregrino cos discípulos e figuras procedentes do antigo coro de pedra da Catedral.



Mosteiro de San Paio de Antealtares (10)

Fundado no s. X para custodiar as reliquias de Santiago. Edificio actual barroco, s. XVII-XVIII. Alberga beneditinas de clausura desde o s. XV. Igrexa barroca e **Museo de Arte Sacro** visitables (*).



Praza de Praterías (d2) ▼

A praza sur da Catedral debe o seu nome aos talleres de prateiros que a poboaron desde a Idade Media. Cos seus 50 metros de longo é a máis pequena das que rodean a Catedral e está dividida desde 1700 en dúas plataformas desiguais: o atrio sur do templo e a praza dominada pola Fonte dos Cabalos (s. XIX).



Fachada de Praterías (1)

S. XI-XII. Románica. A máis antiga das fachadas conservadas simboliza a Redención con escenas da vida e paixón de Xesús.



Fachada do Tesouro (1)

Renacentista, s. XVI. Lenzo do claustro decorado con medallóns da xenealoxía da Virxe e escenas da vida de Santiago Apóstolo. Torre en forma de pirámide de chanzos.

Museo das Peregrinacións (12)

O antigo Banco de España foi reformado por M. Gallego Jorreto en 2012 para albergar este novo museo. Visitable (*).

Casa do Cabido (13)

Barroca, s. XVIII. Cortina de pedra de apenas tres metros de fondo. Forma parte desde 2011 do Museo das Peregrinacións. Visitable (*).



Polas rúas (d2) ▼

Algunhas rúas monumentais son tan antigas como a cidade mesma: Franco, Vilar e Preguntoiro datan do s. X; a Rúa Nova do s. XII. Con casas señoriais, recintos culturais e variedade de comercios, case todas adquiriron o seu aspecto actual a partir da Ilustración e foron lousadas no s. XIX.



Casa do Deán (14)

Casa-pazo, s. XVIII. Decoración barroca de placas, volutas e cilindros.



Casas da Rúa do Vilar

Casas renacentistas, barrocas e neoclásicas responden ao prototipo de pazo urbano e caracterízanse polos seus grandes escudos e a calidade dos seus traballos de cantería e forxa ornamental. Avanzando cara a Praza do Toural, aparecen a **Fundación Torrente Ballester (15)** e a **Sede Afundación (16)**, ambas visitables (*); o Pazo de Monroy, de limpo estilo renacentista, e o **Pazo de Vaamonde (18)**, sede do Consorcio de Santiago.

Pazo de Bendaña (19)

Casa-pazo barroca, s. XVIII. Destacan os seus balcóns barrocos e a estatua de Atlas sostendo o globo do mundo. Sede da **Fundación Granell**. Museo visitable (*).



Igrexa de Santa María Salomé (21)

S. XIII – XVIII. Única de España dedicada á nai de Santiago e San Xoán Evanxelista. Portada románica.

Ademais, na rúa Nova...

Teatro Principal (24), s. XIX; **Casa das Pomas (25)**, barroca; **Pazo de Santa Cruz (26)**, s. XIX.

Praza de Mazarelos e Mercado (d2-d3) ▼

Convento dos Remedios ou as Orfas (31)

Antigo convento de orfas do s. XVII, alberga hoxe un colexio. Igrexa barroca, s. XVII-XVIII.

Arco de Mazarelos (32)

A única porta que se conservou da muralla medieval (s. XI) de 2 quilómetros de extensión, derrubada no século XIX.



Convento das Madres Mercedarias (33)

S. XV, reforma barroca. Igrexa visitable (*).



Igrexa da Universidade ou da Compañía (36)

Barroca, s. XVII. Pertenceu aos xesuítas ata a súa expulsión en 1767. Hoxe acolle exposicións universitarias. Visitable (*).



Facultade de Xeografía e Historia (37)

S. XVIII-XIX. Edificio neoclásico coroado polas estatuas xigantes dos benfeitores da Universidade. Claustro axardinado, paraninfo con frescos e terrazas con vistas a toda a cidade. Visitable (*).

Igrexa de San Fiz de Solovio (38)

Románica, s. XI - XVIII. Un dos primeiros templos composteláns, mencionado no Códice Calixtino. Portada s. XII-XIV; torre barroca.



Praza de Abastos (39)

O mercado principal desprega pescados e mariscos frescos, carnes, froitas, verduras, flores e queixos nun edificio monumental do s. XX. Aberto de luns a sábado.



Convento de Santo Agostiño (40)

S. XVII, antigo convento agostiño, hoxe colexio maior. Na fachada da súa igrexa chaman a atención as torres inconclusas.

Praza de Cervantes (e1-e2) ▼

Antigo mercado e praza municipal, Cervantes conserva a primeira casa consistorial barroca, casas nobres e unha fonte do s. XIX dedicada ao escritor. Arredor, as rúas da antiga xudería: Algalia, Xerusalén, Troia...

Rúa das Casas Reais

O gran Camiño de Santiago atravesa a cidade histórica do leste ao oeste. Desde que entra pola Porta do Camiño, cambia de nome nove veces no mapa actual: Casas Reais, Ruela das Ánimas, Praza de Cervantes, Acibechería, Praza da Inmaculada, Arco de Palacio, Praza do Obradoiro, Costa do Cristo e Rúa das Hortas. Desde alí sigue polos terreos do río Sarela rumbo a Fisterra.

Igrexa de Santa María do Camiño (41)

Neoclásica, s. XVIII. Á patroa dos camiñantes dedícase o último templo mariano do Camiño de Santiago antes de chegar á tumba do Apóstolo.



Igrexa das Ánimas (43)

Neoclásica, s. XVIII. Portada con baixorrelevo das ánimas do purgatorio. Colección de arte sacro. Visitable (*).



Igrexa de San Bieito do Campo (47)

S. VIII. Fundada no s. X, actualmente neoclásica. Valiosos retablos y relevos. Visitable (*).



Igrexa de San Miguel dos Agros (52)

S. VIII. Actualmente barroca, data do s. X. Visitable (*).

Casa Gótica (53)

S. XIV. tamén coñecida como Casa do Rei don Pedro, é unha das escasas mostras de arquitectura civil gótica da cidade.



Igrexa e convento de San Francisco (54)


S. XIII-XVII. Convento gótico que se cree fundado por San Francisco de Asís. Hoxe funciona tamén como hotel. Acolle o **Museo de Terra Santa**, visitable (*). Enorme igrexa barroca-neoclásica do s. XVIII. Visitable (*).



Rúa do Franco e Alameda (c2-d2) ▼

Rúa do Franco

Concentra boa parte da oferta gastronómica do casco histórico. Os seus restaurantes recollen a herdanza dos primeiros taberneiros medievais que se asentaron alí para atender aos peregrinos e estranxeiros (os *francos*) que deron nome a esta rúa.



Colexio de Fonseca (57)

Renacentista, s. XVI. Primeiro colexio da Universidade de Santiago de Compostela hai 500 anos e primeiro Parlamento galego en 1982. Hoxe é sede da biblioteca universitaria. Fermoso claustro. Exposicións visitables (*).

Porta Faxeira

Unha das antigas portas da desaparecida muralla.

Parque da Alameda

S. XIX. Parque que ofrece unha magnífica vista da cidade histórica, especies ornamentais senlleiras, estanque, carballeira, capelas, fontes e esculturas. Destacan os miradoiros do Paseo da Ferradura e do Paseo das Letras Galegas, a Carballeira de Santa Susana e a súa capela.



Colexio de San Clemente (60)

Renacentista, s. XVII. Antigo colexio de Teoloxía, hoxe instituto de secundaria.



Igrexa de Santa Susana (63)

S. XII, actualmente barroca.
Acolleu as reliquias de Santa Susana, hoxe custodiadas na Catedral.

Porta do Camiño e Bonaval (e2-f2) ▼

A *Porta do Camiño* é o punto da desaparecida muralla polo que entran á cidade os peregrinos, tras pasar polo barrio dos Concheiros e a Rúa de San Pedro.



Convento do Carme (93)

Barroco, s. XVIII. Edificio estilo carmelitano, sólido e sinxelo, que sigue albergando á comunidade carmelita.



Convento de Santa Clara (94)

Barroco, s. XVII-XVIII. Convento de clausura fundado no s. XIII. Peculiar fachada-cortina do barroco xeométrico compostelán. Igrexa barroca visitable (*).



Hospital e capela de San Roque (95)

Renacentista, s. XVI. Antigo hospital levantado durante as epidemias de peste do s. XVI. Igrexa barroca, s. XVIII. Visitable (*).

Parque de San Domingos de Bonaval

Combina a antiga horta dominica, carballeira e un antigo cemiterio. Vistas imprescindibles.



Convento de San Domingos de Bonaval (97)

Convento dominico fundado en el s. XIII, actualmente barroco. Sorprendente escaleira tripla de caracol, fermosa igrexa gótica e Panteón de Galegos Ilustres. Alberga o **Museo do Pobo Galego**. Visitable (*).

Por Belvís e Sar (e3-c4) ▼



Rúa de San Pedro

Último tramo do Camiño de Santiago antes de entrar pola “Porta do Camiño” á cidade histórica. Casas tradicionais e vellas tabernas. Ademais, **Igrexa de San Pedro (98)** e **Capela da Angustia (99)**.



Convento de Belvís (101)

Barroco, s. XVII. Fundado no s. XIV para acoller a dominicas de clausura. Capela da popular Virxe do Portal. Visitable (*). Estupenda panorámica da cidade histórica e entrañable parque con hortas.



Colexiata Santa María a Real do Sar (105)

Románica, s. XII. Impresionante inclinación dos seus muros e columnas. Pequeno **museo** no único claustro románico da cidade. Visitable (*).

Turismo de Santiago de Compostela

Oficina Central de Información Turística Municipal

Rúa do Vilar, 63

Tel: (+34) 981 55 51 29

Aberta todo o ano

info@santiagoturismo.com

(*) Toda a información en

www.santiagoturismo.com